

PLENARIO DE EN MAREA

13 DE XULLO DE 2019

Emendante/s:
Víctor Pérez Bugarín

Documento que se emenda: (Marcar cun *)

- Tese política: Apuntes para o futuro político dende a marea
- Documento organizativo: Afondar nos acordos de Vigo
- Regulamento para o Plenario das Mareas
- (*) Regulamento para a elección do Consello das Mareas

Páxina/s: 6 Liña/s: 11 a 20

Tipo de emenda emenda: (Marcar cun *)

- Eliminación
- (*) Substitución
- Engádega

Texto da emenda:

“3. O voto exercerase de forma presencial en urna pechada mediante unha papeleta electoral na que riscará a candidatura electa. Para tal efecto o Comité Electoral intentará que existan mesas presentes na maior número de concellos posíbeis, en función da dispoñibilidade de locais. O Comité Electoral conformará mesas electorais con tres persoas, un presidente e dous vogais. O Comité Electoral facilitará unha copia dos nomes das persoas que forman parte desa comarca aos membros da mesa electoral para que cada militante poda votar só unha vez, estas listas deberán ser devoltas ao Comité Electoral. As candidatura poderán nomear interventores en cada mesa. As persoas que desexen exercer o seu dereito a voto deberán acreditar a súa identidade na mesa electoral.”

Explicación da emenda:

O feito de votar ten que significar algo máis que facer un clic no ordenador dende casa. Un dos problemas que detectamos en En Marea e que se inclúe na sínteses e conclusións das asembleas comarcais é a falta de compromiso e militancia. Esa falta de compromiso ven dada, entre outros factores, polo individualismo que proporciona as tecnoloxías da información e da comunicación. Con esta emenda pretendese por fin a iso, tendo o interesado que desprazarse a votar ao centro de votación no que estea inscrito relacionándose coa xente alí presente, o que axudará a coñecernos máis e mellor.

DITAME

PROPOSTA DA COMISIÓN DO PLENARIO E DO CONSELLO DAS MAREAS:

A DEBATE